

Prosa do observatorio:

Viaxar

Hai anos triunfou unha canción do británico Jamiroquai, que levaba por título: “travelling without moving” (viaxar sen se mover), o que entroncaba con aquela sentenza do vello Borges (Borges sempre foi vello, mesmo de mozo, perigos da educación clásica) que pensaba que se podía coñecer todo o mundo sen por iso saír da súa biblioteca. Xa saben, esaxeracións de escritores para xustificar o seu medo a perder a seguridade dos traxectos trazados. Pódese viaxar moito e saber moi pouco da vida, ou coma dí o libro do Lao-Tze: evolved individuals/know without going about,/recognize without looking,/achieve without acting, ou sexa coñecer sen mexer, recoñecer sen mirar, acada sen actuar, ou algo así. Da inmovilidade como tarefa, como método para acadar a sabiduría.

Eu estou por levar a contraria a Jamiroquai, a Borges e a libro do Tao, en viaxe restrospectiva do case presente ao pasado recente e de aí ao pasado remoto. Coido que viaxar axuda a abrir as fronteiras propias e mellor se se viaxa cun libro ou con varios, pois axudan a encher os tempos mortos nos que chegou a noite e xa non se ve, xa non hai a onde ir, xa ninguén quere falar con nós.

Recentemente estiven en Turquía do este (Trabzon), aquela que se sitúa próxima ao Cáucaso, nido de aguias e de liortas case permanentes. Alí visitei o mosteiro se Sümela, visita que recomendo. Trátase dun mosteiro ortodoxo pendurado (literalmente) nunha cornixa rochosa a máis de mil metros de altitude (calculado con ollo de falcón). Mais non é a beleza da contorna do que lles quero falar, senón da existencia dun mosteiro ortodoxo en pleno Imperio Otomán, da tolerancia dos sultáns para quen practicaba outra relixión, que permitiu a residencia dos monxes entre o século XIII e o primeiro cuarto do século XX (o mosteiro foi abandonado en 1923). Logo, o estado laico turco conservou o lugar como monumento singular e atracción para turistas (ortodoxos na maioría) que se extasían coas pinturas murais. As tais pinturas resistiron seis séculos ao ventimperio, mais non están a resistir a barbarie dos integristas iletrados que se dedican con precisión a rañar nas paredes para retirar o que vai quedando das pinturas.

Todo isto para chegar a Galicia (terra tamén de Gálatas?) onde unha cultura como a nosa resistiu séculos escuros, guerras de invasión, forcas, domas e castracións, xeiras frías e aldraxes varios ata que chegaron estes integristas que nos gobernan e comezaron a rañar con raiba de iletrados para ir rematando pouco a pouco unha laboura de destrución sistemática.

Viaxar vale, pois, para establecer semellanzas, para partillar coñecementos, para extraer ensinanzas, para ver o mundo propio con outra óptica, para ser cada día máis galego e menos chauvinista, menos umbilical e máis aberto a novas ideas e culturas. Viaxar vale tamén para regresar cargado de lembranzas (fotos na ocasión) que nos permitirán recrear os momentos máis interesantes do noso periplo, para traer pendurado da padal o gusto do arroz con leite (sütlaç) tan semellante ao que prepara a miña nai (grazas), para constatar que nada teñen que envexar os peixes que alí se serven (anchoas, raias, rodaballos, salmonetes...) cos que un día probamos nun porto das rías altas ou baixas, para revisar as nosas visións totalitarias de excelencia propia, para ter saudade xa do chocolate con pistacho, de abrir a fiestra no alborexar e ver como danzan os golfiños no horizonte próximo, para cruzar a ollada con ollos verdes malaquita ou azul ultramaríño, para experimentar o saudábel que é acompañar a comida cun vaso de Ayran (iogurt líquido) ou para darse de conta o ben que senta o té con amigos.

Viaxar, viaxar sempre para ser máis nós.

Xavier Queipo

